

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2014

21-104 Explotación estatística do Rexistro de parellas de feito

PROXECTO TÉCNICO

Normativa e organización

1.- Normativa

Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, modificada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño (Disposición adicional terceira).

Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Orde do 25 de xaneiro de 2008, polo que se aproban os modelos de documentos susceptibles de presentación ante o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

2.- Organización

Consellería de adscrición

O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia está adscrito á Consellería competente en materia de Xustiza: **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** (Decreto 72/2013, do 20 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

O Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa dependente da Dirección Xeral de Xustiza asume as seguintes funcións: “O soporte administrativo das funcións que corresponden á Dirección Xeral de Xustiza en relación co rexistro de parellas de feito”.

Xestión

O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia é único e téñ un funcionamento descentralizado, xestionándose a través das catro **Xefaturas Territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**.

Dirección Xeral de Xustiza:

A Dirección Xeral de Xustiza asume as funcións de coordinación, información e aprobación de directrices comúns sobre o procedemento de inscrición e xestión do rexistro.

Encargados/as do Rexistro de Parellas de Feito:

Baixo a dependencia directa do titular da Dirección Xeral de Xustiza os/as encargados/as do rexistro en cada Xefatura Territorial da consellería competente serán nomeados entre funcionarios e funcionarias da Administración autonómica pertencentes a corpos ou escalas do grupo A, coa licenciatura en dereito.

Unidades estatísticas

A continuación descríbense as unidades obxecto de análise pola aplicación.

Para efectos estatísticos, as unidades elementais serán **as solicitudes** e **os/as solicitantes**: membros da parella que solicitan o seu rexistro

Variables

O sistema de xestión de Parellas de Feito almacena e xestiona a seguinte información relativa á solicitude e aos solicitantes:

- Referencia da solicitude.
- Data de presentación da solicitude.
- Fase na que se atopa a solicitude.
- Solicitude remitida ou non dende un concello.
- Nome e apelidos de cada un dos membros da parella.
- DNI de cada un dos solicitantes que teñan nacionalidade española ou designación do documento equivalente noutro suposto.
- De cada membro: data de nacemento, nacionalidade, estado civil e sexo
- Fillos e fillas de cada un, comúns ou non comúns.
- Domicilio da parella.
- Teléfono de contacto.
- Existencia ou non de pacto de condicións económicas (pacto regulador).
- Recursos presentados á solicitude.
- Documentación presentada na solicitude.
- Historial do expediente onde se reflicten todos os cambios aplicados á solicitude.
- Xefatura provincial onde se presenta a solicitude.

A solicitude de inscrición da parella no Rexistro de parellas de feito faise empregando un formulario normalizado acompañado coa documentación esixida

Procesamento de datos

As solicitudes presentaranse ante a xefatura provincial (da consellería competente en materia de xustiza) correspondente ao domicilio da parella de feito. A dita solicitude deberana efectuar conxuntamente os dous membros da parella. Logo amósanse as ilustracións 1, 2, 3 e 4, pertencentes ó formulario de alta de solicitude. O dito formulario é cuberto polo funcionario encargado da xestión do rexistro, a partir da información contida no formulario presentado.

Alta dun novo expediente

salta a: [solicitante 1](#) | [solicitante 2](#) | [datos comúns](#) | [pacto](#) | [recursos](#) | [docs. presentados](#) | [docs. xerados](#) | [historial](#)

Non editable, asignado polo sistema.

Referencia	AC	-	2013	/	00579
Data de presentación solicitude	<input type="text"/>				
Fase	Fase actual do expediente: Admisión solicitude				
				Data de Admisión solicitude:	
Remitido dende un Concello?	NON				

Primeiro solicitante [arriba](#)

Nome	<input type="text"/>		
Apelidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Documento de identidade	NIF	<input type="text"/>	
Estado civil	Solteiro		
Sexo	Home		
Nacionalidade	España		
Data de nacemento	<input type="text"/>		
Número de fillos (non comúns)	<input type="text"/>		


Ilustración 1

Segundo solicitante		arriba
Nome	<input type="text"/>	
Apelidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Documento de identidade	NIF <input type="text"/>	
Estado civil	Solteiro <input type="text"/>	
Sexo	Home <input type="text"/>	
Nacionalidade	España <input type="text"/>	
Data de nacemento	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Número de fillos (non comúns)	<input type="text"/>	
Datos comúns da parella		arriba
Enderezo	<input type="text"/>	
Localidade	SELECCIONE LOCALIDADE <input type="text"/>	
Provincia	<input type="text"/>	
Código Postal	<input type="text"/>	
Teléfono de contacto	<input type="text"/>	
Correo electrónico de contacto	<input type="text"/>	
Fillos comúns da parella	<input type="text"/>	

Ilustración 2

Pacto regulador de condicións económicas

Existe pacto

Data do pacto 

Notario

Termos do pacto


Modificacións ao pacto

Observacións

Recursos do expediente

Ilustración 3

Recursos presentados

 Garde primeiro o expediente antes de xerar recursos.

O expediente aínda non ten recursos gardados

Documentación presentada [arriba](#)


 Garde primeiro o expediente antes de presentar documentos.

Ilustración 4

O encargado ou encargada do rexistro cualificará as solicitudes presentadas, a acreditación dos requisitos esixidos pola lei e a legalidade dos dereitos e obrigas contidos nos pactos que achega a parella solicitante, e efectuará unha proposta de resolución acordando practicar ou denegar a inscrición, ou, de ser o caso, archivar a solicitude. Para a cualificación das solicitudes presentadas o rexistro poderá dirixirse en calquera momento aos solicitantes en demanda de aclaracións, co fin de posibilitar a inscrición solicitada.

O titular da xefatura provincial da consellería competente en materia de xustiza resolverá de forma expresa acordando practicar ou denegar a inscrición solicitada no prazo de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no dito centro, sen prexuízo das interrupcións de prazo consideradas no artigo 42.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As inscricións extínguense pola súa cancelación.

A cancelación terá lugar:

- a) Por petición de ambos os membros da parella. A petición deberá facerse por escrito con indicación do lugar e data e a sinatura de ambos.
- b) Por petición dun dos membros da parella. A petición deberá constar por escrito con indicación do lugar e data e a sinatura da persoa que solicita a cancelación. A solicitude deberá ir acompañada de documento que lle acredite suficientemente a notificación da vontade de extinguir a parella ao outro membro.
- c) Pola morte ou declaración de falecemento dun dos membros da parella; neste caso será suficiente coa presentación por parte do membro supervivente da parella, ou de calquera outra persoa interesada, do correspondente certificado de defunción ou declaración xudicial de falecemento.
- d) Polo matrimonio entre os propios membros da parella. Neste caso deberá achegarse o correspondente certificado do Rexistro civil. A data de extinción da parella que constará neste caso no Rexistro de Parellas de Feito será a do día inmediatamente anterior á do matrimonio contida na certificación matrimonial.
- e) Polo matrimonio de calquera dos compoñentes da parella; neste caso a persoa que contraía matrimonio deberá instar a cancelación da súa inscrición como parella de feito acreditándolle a comunicación fidedigna ao outro membro da parella e achegando o correspondente certificado do Rexistro civil. A data da extinción da parella será a do día inmediatamente anterior á do matrimonio contida na certificación matrimonial.

A cancelación das inscricións será acordada mediante resolución do titular da Xefatura Territorial.

Estrutura informática da Base de Datos

Toda a información referente á xeración de estatísticas no sistema de Parellas de Feito almacenase na BD tal como se amosa no diagrama da ilustración 5:




Ilustración 5

A actualización da información é continua, cada vez que se insire unha nova solicitude xa pasa a formar parte do conxunto de datos.

Non se realiza ningún tipo de depuración (ex-profeso para a estatística) debido a que as estatísticas unicamente son recontos de solicitudes en base ós filtros configurados. Mais a información xa se vai actualizando a medida que a solicitude pasa polas diferentes fases (cualificación, resolución...) e cando se producen as modificacións establecidas regulamentariamente (corrección de erros e cancelación).

Deseño da explotación dos datos do rexistro

A aplicación que xestiona o rexistro conta cun xerador de estatísticas básicas e outro de estatísticas preconfiguradas. Non son máis que unha simplificación do xerador principal do cal se han preconfigurado xa uns filtros concretos.

As distintas estatísticas calcularanse en base as seguintes variables:

Por rango de datas da solicitude

No momento no que se garda un novo expediente asignase a data do momento do gardado. Esta será a data da solicitude do expediente.

Segundo a idade dos solicitantes

A data de nacemento dos solicitantes é necesaria para a cumplimentación da solicitude, a partir dela obtense a idade. Así pois os solicitantes agrúpanse segundo a idade nos seguintes intervalos:

- Entre 18 e 25.
- Entre 25 e 35.
- Entre 35 e 45.
- Entre 45 e 55.
- Entre 55 e 65.
- Máis de 65 anos.

Nacionalidade

A nacionalidade de cada un dos solicitantes e obrigatorio. A partir da nacionalidade de cada un dos membros obtense a seguinte tipoloxía de nacionalidade para a parella:

Nacionalidade da parella:

- Parellas español/a-español/a.
- Parellas español/a-estranxeiro/a.

Tipoloxía da parella

Segundo o xénero dos membros determinarase se é unha parella de persoas de diferente sexo ou do mesmo sexo e dentro destas últimas, cando son parellas de dous homes e parellas de dúas mulleres. A clasificación empregada será:

- Parellas entre home e muller.
- Parellas entre muller e muller.
- Parellas entre home e home.

Posúan ou non pacto regulador:

A existencia ou non dun Pacto regulador é recollido polo sistema.

Fase dos expedientes:

Os expedientes poden estar en un dos seguintes estados en un momento concreto:

- Admisión solicitude
- Emenda defectos
- Cualificación (proposta de resolución)
- Resolución
- Inscripción
- Cancelación
- Denegación
- Arquivo
- Admisión Solicitude (Cancelación)
- Emenda defectos (Cancelación)

Por municipio:

Municipio do domicilio común da parella.

Delegación.

Provincia onde se inscribe a parella de feito.

Non existen fórmulas de cálculo ou algoritmos, as estatísticas son calculadas directamente da base de datos executando as sentencias SQL necesarias en base ós filtros aplicados. Non existen tampouco datos avance ou provisionais, sendo directamente os resultados das búsquedas en base de datos os resultados das estatísticas mostrados nos informes.

Dende a aplicación existen tres módulos para a xeración de informes estatísticos, Estatística avanzada, Estatística Básica e Estatística Preconfigurada.

Estatística avanzada:

Os informes xerados polo módulo de estatística avanzada poden agruparse segundo a información que se precise:

- Tipoloxía da parella: heterosexual ou homosexual (dúas mulleres ou dous homes).
- Nacionalidade da parella: calquera das nacionalidades tipificadas na aplicación.
- Posúe ou non pacto regulador.
- Agrupado segundo a fase na que se atope a solicitude, tipificados na base de datos.
- Agrupados por idade.

Estatística básica:

Os informes de estatística básica:

- Agrúpanse segundo a fase actual do expediente

Estatística preconfigurada:

Para unha delegación en concreto segundo un rango de datas obteranse os seguintes datos:

- Solicitudes de inscrición.
- Solicitudes pendentes de inscrición.
- Solicitudes que pasaron pola fase de inscrición ou resolución.
- Solicitudes que pasaron pola fase de denegación.
- Solicitudes que pasaron pola fase de arquivo.
- Solicitudes que pasaron pola fase de cancelación.

Mais tarde, das solicitudes que pasaron pola fase de inscrición ou resolución, é dicir **parellas de feito rexistradas**, agrúpase tamén:

-Pacto regulador:

- Número de solicitudes con pacto regulador
- Número de solicitudes sen pacto regulador.

Tipoloxía de parella:

- Parellas entre home e muller.
- Parellas entre muller e muller.
- Parellas entre home e home.

-Nacionalidade da parella:

- Parellas español/a-español/a.
- Parellas español/a-estranxeiro/a.

-Sexo dos solicitantes

- Solicitantes homes.
- Solicitantes mulleres.

-Idade dos solicitantes:

- Entre 18 e 25.
- Entre 25 e 35.
- Entre 35 e 45.
- Entre 45 e 55.
- Entre 55 e 65.
- Máis de 65 anos.

-Nacionalidade dos solicitantes:

- Número de solicitantes de cada país.

INFORMACIÓN QUE SE VAI A DIFUNDIR TODOS OS ANOS: anual mediante a web

A) en números globais, por ano e así mesmo tendo en conta os datos desagregados por cada unha das Xefaturas Territoriais:

- Número de expedientes de solicitudes de inscrición
- Número de expedientes con resolución de inscrición
- Número de expedientes denegados
- Número de expedientes cancelados

B) En números globais a nivel autonómico (sen desagregar por cada unha das Xefaturas territoriais):

- Número de expedientes con resolución de inscrición español/a-español/a
- Número de expedientes con resolución de inscrición español/a-estranxeiro/a.

C) En relación ao número de parellas de feito inscritas no ano (sen desagregar por cada unha das Xefaturas territoriais):

- Número total de homes inscritos no ano
- Número total de mulleres inscritas no ano